

1º EXERCICIO: PARTE COMÚN

INSTRUCCIÓN:

- 1.- Non abra nin lea o interior deste caderno ata que se lle indique.
- 2.- Esta proba consiste nun cuestionario non eliminatorio sobre o contido da parte común do programa, de 10 preguntas tipo test con 2 de reserva, que deberán ser contestadas a continuación do recadro "**Común**" entre os números **C1** e **C12**, da "FOLLA DE RESPOSTAS".
- 3.- O tempo total de realización do exercicio, é de **15 minutos**.
- 4.- Todas as preguntas teñen catro respostas alternativas, sendo unha a correcta. As respostas correctas sumarán **0,50** puntos, as non contestadas non terán valoración algunha e as contestadas erroneamente restarán **0,125** puntos.
- 5.- Comprobe sempre que o número de resposta que sinale na "FOLLA DE RESPOSTAS" é o que corresponde ao número da pregunta do cuestionario.
- 6.- Este cuestionario debe utilizarse na súa totalidade como borrador das respostas elixidas, para non marcar unha resposta ata estar totalmente seguro/a.
- 7.- A resposta correcta marcarase cun **X** ben feito dentro dos límites do recadro. De ter que anular algunha resposta, o recadro da resposta que se marcou incorrectamente ten que encherse por completo.

Unha vez que se anule, xa non poderá recuperarse de novo dita opción de resposta.
- 8.- Ao rematar o seu exercicio, coloque este cuestionario no chan e espere as indicacións para realizar a continuación o seguinte exame, en unidade de acto. Cando finalice todos os exercicios deberá entregar a "FOLLA DE RESPOSTAS" no lugar que lle indique a organización, onde lle entregarán a última folla autocopiativa. Ao abandonar o recinto NON poderá levar ningún cuestionario de preguntas. O Servizo Galego de Saúde facilitaralle o acceso aos mesmos a través da páxina web: www.sergas.es, logo de finalizados os tempos de exame.

**LEA DETIDAMENTE AS INSTRUCCIÓNS
QUE FIGURAN NO REVERSO DA FOLLA DE RESPOSTAS
PARA O SEU CORRECTO ENCHEMENTO**

EXAME EN GALEGO

1. De acordo co Estatuto Marco, o persoal estatutario se clasificará atendendo a:

- A) A función desenvolvida.
- B) O nivel do título esixido para o ingreso.
- C) O tipo de nomeamento.
- D) A todos os anteriores.

2. Respecto ao Parlamento de Galicia, o Estatuto de Autonomía determina que estará constituído por (sinale a opción correcta):

- A) Deputados elixidos por sufraxio censitario.
- B) Deputados elixidos por sufraxio universal, libre e proporcional.
- C) Senadores elixidos por sufraxio universal, igual, libre, directo e secreto.
- D) Deputados elixidos por sufraxio universal, igual, libre, directo e secreto.

3. Cal dos seguintes non está recoñecido na Constitución española como un dereito fundamental?

- A) O dereito á educación.
- B) O dereito á vida e á integridade física e moral.
- C) O dereito á propiedade privada e á herdanza.
- D) O dereito de asociación.

4. De acordo coa Lei xeral de sanidade, serán titulares do dereito á protección da saúde (sinale a opción correcta):

- A) Os estranxeiros que residan en territorio nacional.
- B) Os españois que residan fóra do territorio nacional, na forma que establezan as leis e os convenios internacionais.
- C) Os españois que residan en territorio nacional.
- D) Todos os anteriores, entre outros.

5. Conforme á Lei orgánica de medidas de protección integral contra a violencia de xénero, cales dos seguintes son dereitos das mulleres vítimas de violencia de xénero?

- A) O dereito á información.
- B) O dereito á asistencia social integral.
- C) O dereito á asistencia xurídica gratuita.
- D) A todos os anteriores, entre outros.

6. A Lei de saúde de Galicia determina que o Servizo Galego de Saúde terá unha natureza de...(sinale a resposta correcta):

- A) Sociedade pública autonómica.
- B) Administración pública territorial.
- C) Organismo autónomo administrativo.
- D) Organismo autónomo comercial, industrial, financeiro ou análogo.

7. De conformidade coa Lei orgánica de protección de datos persoais e garantía dos dereitos dixitais, como se poderán exercer os dereitos recoñecidos na propia Lei orgánica?

- A) Por medio de representante legal.
- B) Directamente.
- C) Por medio de representante voluntario.
- D) Por todos os procedementos anteriores.

8. De acordo coa Lei de saúde de Galicia, a quen corresponde a planificación da ordenación territorial do Sistema Público de saúde de Galicia?

- A) Ás Cortes Xerais.
- B) Ao Parlamento de Galicia.
- C) Á Presidencia da Xunta de Galicia.
- D) Á Consellería de Sanidade.

9. Unha das seguintes non é unha retribución básica do persoal estatutario. Sinálea:

- A) As pagas extraordinarias.
- B) O complemento específico.
- C) O soldo.
- D) Os trienios.

10. De acordo co Decreto de provisión de prazas de persoal estatutario do Servizo Galego de Saúde, cal sería o procedemento que se utilizaría con carácter xeral para a selección de persoal fixo?

- A) O concurso.
- B) O concurso–oposición.
- C) A oposición.
- D) A adxudicación directa.

Preguntas de reserva

1. De acordo co Estatuto de Autonomía de Galicia, a quen lle corresponde o nomeamento e cesamento dos conselleiros da Xunta de Galicia?

- A) Ao Presidente da Xunta de Galicia.
- B) Ao Presidente do Parlamento de Galicia.
- C) Ao Rei.
- D) A ningún dos anteriores.

2. De acordo coa Lei de saúde de Galicia, como se denomina a parte integrante do Sistema Nacional de Saúde comprendida no ámbito territorial da Comunidade Autónoma de Galicia?

- A) Instituto galego de sanidade pública.
- B) Servizo galego de saúde.
- C) Sistema sanitario galego.
- D) Sistema público de saúde de Galicia.

